

ENCUNTROS VIRTUAIS XUNTA - UE

Revisión intermedia da política de cohesión *Preparando o terreo para o próximo período de programación*

DATA e LUGAR	9 de xullo de 2025, en liña
ORGANIZACIÓN	Fundación Galicia Europa
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ▪ Consellería de Economía e Industria ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ▪ Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ▪ Consellería do Mar ▪ Consellería de Medio Rural ▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ▪ Consellería de Política Social e Igualdade ▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN) ▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Introducción

A directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, Ana Ramos, foi a encargada de inaugurar e moderar unha nova edición dos 'Encontros virtuais Xunta-UE', o foro de debate entre o goberno galego e as institucións comunitarias. O representante da Comisión explicou os antecedentes da **política de cohesión, que leva máis de 40 anos tratando de reducir as disparidades entre as rexións europeas co obxectivo de lograr un desenvolvemento económico, social e territorial equilibrado. Pola súa parte, o representante da Consellería de Facenda explicou como están a revisar os actuais programas FEDER e FSE 2021-2027 no marco da revisión a medio prazo prevista na actual lexislación.**

Na súa intervención, Ana Ramos explicou como o executivo comunitario trata de aproveitar este exercicio de revisión intermedia para incentivar o investimento dos recursos en novas prioridades estratéxicas, como a vivenda, a resiliencia hídrica ou a defensa. Así, engadiu, **esta revisión intermedia convértese nun banco de probas para ensaiar enfoques e metodoloxías que moi probablemente marcarán o próximo marco financeiro a partir de 2028, cuxa proposta legislativa está prevista para a semana que vén.**

A directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas advertiu que **dende Galicia se observa este proceso con grande atención**, conscientes de que ideas como a de agrupar os fondos de cohesión en plans únicos nacionais ou modelos de xestión inspirados no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poderían alterar o impacto da política de cohesión. Por iso, subliñou, **a nosa comunidade está a mobilizarse en diferentes foros europeos para defender unha política de cohesión forte, ben financiada e con dimensión territorial.**

Resumo da reunión

1. FUNDAMENTOS DA POLÍTICA DE COHESIÓN

A política de cohesión constitúe un dos pilares fundamentais da construción europea, recollida nos tratados comunitarios. O seu obxectivo principal é reducir as disparidades económicas, sociais e territoriais entre as rexións europeas, promovendo un desenvolvemento máis harmonioso no conxunto da Unión.

Esta política maniféstase a través de diversos fondos estruturais que foron evolucionando historicamente:

- O Fondo Social Europeo (FSE), que arrinca xa co Tratado de Roma.
- O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), creado nos anos 70
- O Fondo de Cohesión, establecido nos anos 90.

- O novo Fondo de Transición Xusta, incorporado recentemente para apoiar ás rexións que realizan esforzos na transición ecolóxica

1.1. Xestión compartida e participación territorial

A política de cohesión caracterízase por un modelo de xestión compartida entre a Comisión Europea e os Estados membros. En España, o Ministerio de Facenda asume a dirección xeral, mentres que organismos intermedios como a Xunta de Galicia xestionan os programas rexionais. Este modelo permite unha maior proximidade territorial e unha mellor adaptación ás necesidades locais.

Todos os programas son cofinanciados, establecéndose diferentes ratios de financiación en función do nivel de desenvolvemento das rexións. As rexións menos desenvolvidas reciben maior apoio, seguidas das rexións en transición (como Galicia) e finalmente as rexións máis desenvolvidas.

1.2. Adaptación ante crises sucesivas

- **COVID-19:** a política de cohesión demostrou unha notable capacidade de adaptación ante a crise sanitaria. Mediante os regulamentos CRII e CRII Plus, declarouse elixible o gasto sanitario, permitindo financiar ERTE e outros gastos urxentes que xurdiron no ano 2020. Ademais, incorporouse o instrumento ReactEU, financiado a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), que supuxo unha inxección extraordinaria de recursos.
- **Guerra de Ucraína e crise enerxética:** a invasión rusa de Ucraína en 2022 xerou novos desafíos que requiriron unha resposta rápida. A política de cohesión adaptouse para considerar elixible o gasto enerxético de fogares vulnerables e pemes, así como para apoiar a acollida de refuxiados ucraínos. A crise enerxética asociada, coa súa inflación correspondente, tamén foi abordada mediante estas adaptacións regulamentarias.
- **Resposta ante desastres naturais:** dados os acontecementos derivados da dana que tivo lugar en Valencia en outubro de 2024, aprobouse unha nova modificación que permite crear unha prioridade específica para facer fronte ó gasto de reconstrución tras desastres naturais. Esta medida xa está sendo aplicada por Valencia, Murcia e Castela-A Mancha.

2. PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027

2.1. Obxectivos políticos

O período actual caracterízase por unha política máis moderna, simple e flexible. Fronte ós 11 obxectivos temáticos do período anterior, agora trabállase con cinco obxectivos políticos básicos:

1. **Unha Europa máis intelixente:** transformación económica innovadora, apoio ás pemes e innovación.
2. **Unha Europa máis verde:** eficiencia enerxética, economía circular e adaptación ó cambio climático.

3. **Unha Europa máis conectada:** infraestruturas de transporte e conectividade.
4. **Unha Europa máis social:** infraestruturas de saúde e educación.
5. **Unha Europa máis próxima ós cidadáns:** desenvolvemento territorial integrado para áreas urbanas, rurais e costeiras.

2.2. Concentración temática

Establécense regras de concentración temática que as rexións deben respectar na programación. No caso de Galicia, como rexión en transición, debe dedicar polo menos un 40% dos recursos ó primeiro obxectivo político e un 30% ó segundo. Ademais, requírese un 8% para desenvolvemento urbano sostible integrado a nivel nacional.

2.3. Fondo de Transición Xusta

A provincia da Coruña recibe 111 millóns de euros do Fondo de Transición Xusta (**FTX**), no marco dos 800 millóns destinados a España. Este apoio céntrase principalmente en accións ligadas ás zonas próximas ás centrais térmicas de Meirama e As Pontes, buscando alternativas de desenvolvemento económico para a poboación local tras o peche destas instalacións.

2.4. STEP

A Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (**STEP**) representa unha iniciativa clave para reforzar a industria europea. O seu regulamento busca apoiar sectores punteiros de innovación tecnolóxica, tecnoloxías dixitais, eficiencia enerxética e biotecnoloxía. Como novidade, incorpóranse programas de defensa e seguridade como nova prioridade. Os programas que destinen recursos a estas áreas poden crear unha prioridade específica e obter flexibilidades significativas, incluíndo cofinanciamento de ata o 100% e un ano contable adicional para a posta en marcha.

3. A REVISIÓN A MEDIO PRAZO DA POLÍTICA DE COHESIÓN

Actualmente desenrólase un proceso de revisión intermedia (voluntaria) dos programas de cohesión, con parte das anualidades 2026 e 2027 reservadas para posibles correccións ou novas prioridades. A proposta presentada en abril pola Comisión Europea, está sendo negociada no Consello e no Parlamento Europeo.

Esta proposta identifica novas prioridades reforzadas:

- Competitividade industrial
- Seguridade e defensa
- Vivenda

- Recursos hídricos e resiliencia hídrica
- Transición enerxética

Os recursos destinados a estas prioridades obterán beneficios significativos (segundo a proposta da Comisión Europea):

- **Prefinanciamento adicional do 30%** para os investimentos nas cinco prioridades estratéxicas en 2026 e un prefinanciamento adicional do 4,5% para os programas de cohesión que destinen polo menos o 15% do seu importe total ás prioridades estratéxicas.
- **Cofinanciamento con taxas máis elevadas** (ata o 100% dos custos en todas as rexións).
- **Ano suplementario para a posta en marcha.**
- **Maior flexibilidade na xestión.**

Considerase que o acordo ó que se chegue establecerá un **mínimo do 10% dos recursos dos programas** destinados a estas novas prioridades como condición **para obter beneficios como o cofinanciamento máis elevado** (20% de prefinanciamento para os recursos destinados a estas prioridades e un 1,5% adicional de prefinanciamento para o conxunto do programa se se acada ese 10% mínimo). **No caso galego, ese 10% supón a reasignación de case 100 millóns de euros.**

4. CONCLUSIÓN

A política de cohesión actual non só evidencia unha notable capacidade de adaptación ante as crises consecutivas, mantendo sempre o seu obxectivo fundamental de reducir disparidades e de apoiar ás rexións, senón que tamén serve como "banco de probas" para probar novas fórmulas e enfoques que poderán ser incorporados ó futuro MFP. Así, o éxito na implementación das novas prioridades durante este período servirá como referencia clave para o futuro deseño da política de cohesión no marco posterior a 2027.

Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos

A revisión intermedia do **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** e **Fondo Social Europeo Plus (FSE+)** buscou axustar estes programas ós cambios xurdidos no contexto **socioeconómico global**, que inciden na xestión da política de investimento. Para a Xunta de Galicia, isto significou asegurar que os fondos europeos se adapten eficazmente ás necesidades específicas da rexión.

A revisión intermedia permitiu unha **reassignación do 50% das anualidades dos anos 2026 e 2027 para adaptar estes programas, flexibilidade que se considera crucial para que Galicia poida responder con axilidade ós desafíos emerxentes. Espérase presentar formalmente a proposta á Comisión Europea antes de que finalice 2025.**

EIXOS PRINCIPAIS

Unha das principais modificacións propostas na reprogramación foi a **incorporación do ámbito da vivenda como prioridade**, un punto fundamental na axenda do Goberno galego, debido, entre outros, á demanda social por parte das entidades do terceiro sector, especialmente no que respecta á accesibilidade para os grupos vulnerables.

Por iso, o Goberno galego deseñou un paquete integral de medidas que combina diferentes instrumentos:

- **Intervención do FEDER:** prevense actuacións para a rehabilitación de vivenda en centros históricos, desenvolvidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. Isto permitirá revitalizar os cascos históricos e ofrecer vivenda digna. Esta visión implica unha dobre finalidade: i) preservar e rehabilitar o patrimonio histórico galego; ii) facilitar o acceso á vivenda á poboación nova galega a prezos asumibles.
- **Intervención do FSE+:** concéntranse en axudas a entidades de iniciativa social e prestadoras de servizos sociais, co fin de acompañar a colectivos vulnerables no acceso a unha vivenda digna. É un compromiso social garantir que ninguén quede atrás.

Outras modificacións incluíron a **mellora de ámbitos de intervención, a incorporación de novos indicadores e o apoio ó sector da automoción a través de liñas xa programadas**. Para isto, traballouse coa Comisión Europea co ánimo de incorporar proxectos neste ámbito, recoñecendo a importancia estratéxica da automoción para a economía galega.

ALIÑAMENTO COAS NOVAS PRIORIDADES EUROPEAS

Cando a Comisión Europea propuxo en abril unha serie de modificacións para aliñar os investimentos coas novas prioridades, **Galicia xa tiña desenvolvidas estratexias propias que coincidían con estas directrices**. O Goberno galego considera necesario dar resposta a estas prioridades mediante os programas de cohesión como unha oportunidade para reforzar o desenvolvemento da rexión.

Casos concretos de aliñamento estratéxico:

- **Estratexia Galega de Solo Residencial:** configúrase como un dos pilares da política social da Xunta. Existe un compromiso de duplicar a vivenda social ata 2028, poñéndoa á disposición de colectivos vulnerables e xuventude.
- **Innovación:** entendida como motor de crecemento. Presentáronse proxectos no campo da tecnoloxía cuántica, intelixencia artificial e biotecnoloxía da man da Axencia Galega de Innovación (GAIN).
- **Infraestrutura e xestión da auga:** en 2025 asignaranse 73 millóns de euros para potenciar a eficiencia nas redes de auga potable, reducir perdas e mellorar o almacenamento e tratamentos de augas. A estes súmanse máis de 15 millóns para a conservación de ecosistemas acuáticos, mellorando a resposta ante fenómenos extremos e actualizando ferramentas de planificación e control de contaminación. A resiliencia hídrica reforzarase mediante a mellora de novos mapas de riscos climáticos e tecnoloxía avanzada para manexar a información dos ríos.
- **Estratexia galega de Espazo, Seguridade e Defensa:** contempla un **investimento público directo de 183 millóns de euros, que permitirá mobilizar preto de 900 millóns de euros adicionais.** Isto lograrase mediante a activación de programas tanto nacionais como europeos nos que se poidan presentar iniciativas específicas relacionadas coa estratexia e a capitalización privada de todas as iniciativas e proxectos que se poñan en marcha.

A Estratexia representa unha evolución natural do traballo desenvolvido desde 2015, expandindo o enfoque inicial —centrado en aplicacións civís— cara a un modelo de dobre uso que aproveita as tecnoloxías existentes tanto para fins civís como para aplicacións en seguridade e defensa.

NOVO MARCO FINANCEIRO PLURIANUAL

No contexto do novo Marco Financeiro Plurianual (MFP) e a política de cohesión posterior a 2027, trabállase coa Representación do Goberno galego en Bruxelas para fixar a posición de Galicia e defender o papel das rexións como mellores coñecedoras das necesidades de cada territorio. Entre outros, considérase o seguinte:

- **Ineficiencia da xestión centralizada:** a experiencia galega co plan de recuperación evidencia as limitacións das políticas homoxéneas definidas desde o Goberno central. En Galicia observouse como proxectos definidos de forma uniforme non sempre se adaptaron ás necesidades específicas do territorio galego, xerando ineficiencias na execución debido ás distintas necesidades e estruturas (poboacional, produtiva) das rexións. Por iso deféndese a descentralización na toma de decisións.
- **Orientación a resultados:** observouse que a calidade dos fitos e obxectivos do plan de recuperación moitas veces é dubidosa. Así, por exemplo, detectáronse casos onde se alcanzou un fito con só un 10% da execución orzamentaria, evidenciando a necesidade de mellores sistemas de medición.

Considérase fundamental traballar na calidade dos fitos e obxectivos, definíndoos e cuantificándoos xunto coa Comisión Europea, para asegurar o éxito dun posible novo modelo orientado a resultados e reembolsos pola consecución deses obxectivos.

Desde o Goberno galego, deféndese un modelo no que as rexións poidan identificar as súas necesidades e xestionar os recursos de maneira efectiva, adaptando os programas ás súas especificidades territoriais. Isto baséase na experiencia galega de xestión exitosa dos fondos europeos e na proximidade ás necesidades reais do territorio.

Ligazóns de interese

- **Noticia FGE-Xunta e Comisión Europea abordan a revisión a medio prazo da política de cohesión 2021-2027**
- **Noticia FGE- A Comisión Europea leva a cabo a revisión a medio prazo da política de cohesión para o período 2021-2027**
- **Comunicación da Comisión Europea. A ruta cara o próximo marco financeiro plurianual**
- **Período de programación 2021-2027 en Galicia**
- **Posición común das Comunidades Autónomas sobre o futuro da política rexional**